



Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Torres de Mens

Construídas no século XV por Lopo Sánchez de Moscoso no concello de Malpica (A Coruña).

Cóntase que o conde do castelo raptou unha moza da aldea e retúvoa no castelo. Cando os veciños asaltaron o castelo, o conde quixo fuxir por un pasadizo que din que existe entre o castelo e a igrexa románica de Santiago, pero os veciños prendéronlle lume ás dúas bocas e alí quedou.

Desde entón o trigo e o millo que medra enriba do suposto túnel marelea cedo en memoria daquel feito.